

BOPPO número 200

mércores, 19 de outubro de 2016

[ir a sumario BOPPO \(http://www.boppo.depo.es/detalle/-/boppo/2016/10/19\)](http://www.boppo.depo.es/detalle/-/boppo/2016/10/19)

[Tradución automática ó idioma castelán \(http://www.boppo.depo.es/detalle/-/boppo/2016/10/19/2016038648/gl-es\)](http://www.boppo.depo.es/detalle/-/boppo/2016/10/19/2016038648/gl-es)

Versión oficial asinada electronicamente

(<http://www.boppo.depo.es/detalle/-/boppo/2016/10/19/2016038648/an.bop.PONTEVEDRA.20161019.2016038648.pdf>)

ADMINISTRACIÓN LOCAL PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO ORGÁNICO

O Pleno en sesión de 30 de setembro de 2016 aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico desta Deputación e cuxo texto é o seguinte:

REGULAMENTO ORGÁNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

SUMARIO

Exposición de motivos

Título Preliminar

Artigo 1.—Obxecto

Artigo 2.—Réxime de fontes

Título I.—Organización política da Corporación

Capítulo I.—Das/os Deputadas/os provinciais

Artigo 3.—Obriga e dereito de asistencia

Artigo 4.—Distincións

Artigo 5.—Incompatibilidades

Artigo 6.—Exercicio do dereito á información

Artigo 7.—Retribucións e indemnizacións

Artigo 8.—Rexistro de intereses

Capítulo II.—Dos Grupos Políticos Provinciais

Artigo 9.—Composición dos Grupos Políticos

Artigo 10.—Constitución dos Grupos

Artigo 11.—Grupo Mixto

Artigo 12.—Voceiros dos Grupos

Artigo 13.—Medios dos Grupos

Título II.—Funcionamento dos Órganos colexiados necesarios

Capítulo I.—Do Pleno

Artigo 14.—Sesi3ns plenarias

Artigo 15.—Sesi3ns ordinarias

Artigo 16.—Sesi3ns extraordinarias

Artigo 17.—Sesi3ns extraordinarias de car3cter urxente

Artigo 18.—Convocatoria

Artigo 19.—Contido da Orde do d3a

Artigo 20.—Intervenci3ns da cidadan3a

Artigo 21.—Orde de colocaci3n das/os Deputadas/os

Artigo 22.—V3lida constituci3n do Pleno

Artigo 23.—Inicio das sesi3ns do Pleno

Artigo 24.—Orde do debate e votaci3n

Artigo 25.—Debate dos asuntos

Artigo 26.—Chamadas 3 orde

Artigo 27.—Deber de abstenci3n

Artigo 28.—Ditame, Proposici3n, Moci3n, Voto Particular, emenda, rogos e preguntas

Artigo 29.—Votaci3ns

Artigo 30.—C3mputo dos votos

Artigo 31.—Forma de emisi3n do voto

Artigo 32.—Tipos de votacións

Artigo 33.—Medios de control e fiscalización da actuación dos órganos de goberno

Artigo 34.—Comparecencia das/os delegadas/os

Artigo 35.—Control da xestión da Xunta de Goberno

Artigo 36.—Moción de censura

Artigo 37.—Cuestión de confianza

Artigo 38.—Contidos das actas

Artigo 39.—Forma de emisión das Actas

Artigo 40.—Do Libro de Actas e Resolucións

Artigo 41.—Dos Libros de Resolucións

Artigo 42.—Separación das Actas e Libros

Artigo 43.—Custodia dos Libros de Actas

Capítulo II.—Da Xunta de Goberno

Artigo 44.—Réxime de sesións da Xunta de Goberno

Artigo 45.—Desenvolvemento das sesións

Título III.—Dos órganos non necesarios ou complementarios

Capítulo I.—Das Comisións Informativas

Artigo 46.—Composición e funcións

Artigo 47.—Tipos de Comisións Informativas

Artigo 48.—Comisión Especial de Contas

Artigo 49.—Composición das Comisi3ns Informativas

Artigo 50.—R3xime de sesi3ns

Artigo 51.—Desenvolvemento das sesi3ns

Artigo 52.—Aprobaci3n dos ditames das Comisi3ns

Artigo 53.—Car3cter dos ditames

Cap3tulo II.—Da Xunta de Voceiros/as

Artigo 54.—Constituci3n da Xunta de Voceiros/as

T3tulo IV.—Do persoal directivo

Artigo 55.—R3xime do persoal directivo

Artigo 56.—Requisitos dos postos directivos

Disposici3n Adicional 3nica. Normas especiais de desenvolvemento da sesi3n constitutiva

Disposici3n Derrogatoria

Disposici3n Final.—Entrada en vigor

EXPOSICI3N DE MOTIVOS

I.—A Constituci3n Espa3ola de 27 de decembro de 1978, recolle no seu art. 137 que o Estado se organiza territorialmente en Municipios, Provincias e Comunidades Aut3nomas, e que todas estas entidades gozan de autonom3a para a xesti3n dos seus respectivos intereses.

A Provincia, como entidade local, ten reco3cida a s3a personalidade xur3dica propia no art. 141 da Carta Magna, as3 como no art. 6.1 da Carta Europea da Autonom3a Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985, ratificada por Espa3a por Instrumento de 20 de

en Estrasburgo o 13 de outubro de 1985, ratificada por España por instrumento de 20 de xaneiro de 1988.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, preceptúa no seu art. 4.1 que as Deputacións, na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, ostentan entre outras as potestades regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias.

II.—En exercicio destas potestades, a Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión plenaria de 14 de decembro de 1990, aprobou o seu Regulamento Orgánico, que dado o tempo transcorrido e a pesar das sucesivas e puntuais modificacións foi quedando en gran parte obsoleto pola concorrencia de cambios normativos e sociais, que fan necesaria a súa completa substitución por un novo Regulamento que atenda á realidade social en que debe ser aplicado.

Este novo texto nace inspirado na vontade de diálogo constante para servir de ferramenta de consenso dunha institución provincial democrática, baseándose nos principios de representatividade e proporcionalidade, de respecto dos dereitos das minorías, e de eficacia e eficiencia no funcionamento para centrar os recursos no servizo da cidadanía.

III.—O obxecto desta norma é regular o funcionamento interno da Deputación, e en particular o dos órganos colexiados da Deputación Provincial de Pontevedra, tanto dos necesarios como dos complementarios. Así mesmo, regula a Xunta de Voceiros/as como órgano colexiado non necesario.

Dentro do sistema de fontes, e como norma regulamentaria local, este Regulamento atópase supeditado á lexislación básica do Estado en materia de réxime local e ás disposicións con rango de Lei da Comunidade Autónoma de Galicia; con carácter supletorio, en todo o non disposto no presente Regulamento orgánico e na normativa antedita rexerá a lexislación non básica do Estado que resulte de aplicación.

IV.—O presente Regulamento ten unha estrutura sinxela distribuída sistematicamente nun título preliminar e catro títulos, relativos respectivamente á organización política da corporación, ao funcionamento dos órganos colexiados necesarios, aos órganos non

necesarios ou complementarios e ao persoal directivo.

O Título preliminar, que fai referencia ao obxecto deste Regulamento e ás disposicións xerais nas que se fundamenta e basea, así como ás fontes normativas e o ámbito de aplicación.

O Título I está dedicado á organización política da Deputación de Pontevedra, e trata dos dereitos e obrigas dos membros da corporación, tanto individuais (adquisición e perda da condición de Deputado/a, réxime de incompatibilidades, dereitos e deberes, retribucións e indemnizacións, e Rexistro de Intereses), como colectivos (constitución e integración en Grupos Políticos provinciais).

O Título II regula o funcionamento dos órganos colexiados necesarios da Corporación, e estrúcturase á súa vez en Capítulos, un por cada un dos órganos colexiados necesarios: Pleno, Xunta de Goberno.

O Título III contén as disposicións relativas aos órganos non necesarios ou complementarios, sistematizados en dous capítulos. O Capítulo I regula o funcionamento das Comisións Informativas; o Capítulo II está dedicado á Xunta de Voceiros/as.

O Título IV regula os órganos directivos. Estes veñen a ser os titulares dos órganos que exerzan funcións de xestión ou execución de carácter superior axustándose ás directrices xerais fixadas polo órgano de goberno da Corporación, adoptando ó efecto as decisións oportunas e dispoñendo para iso dunha marxe de autonomía dentro das directrices xerais.

Complétase o texto cunha Disposición adicional, dedicada a regular de forma pormenorizada o desenvolvemento das sesións constitutivas da Corporación, e unha Disposición derogatoria, destinada a garantir a seguridade xurídica, determinando a inaplicación absoluta das normas co mesmo contido e obxecto ditadas con anterioridade pola súa completa substitución polo presente Regulamento orgánico.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1.—Obxecto

O presente regulamento regula a organización e funcionamento dos órganos necesarios e complementarios da Deputación Provincial de Pontevedra, así como o réxime básico da organización administrativa da que se dota para o cumprimento dos seus fins.

Regula así mesmo o Estatuto da/o Deputada/o, no tocante aos seus dereitos e ás súas obrigas institucionais e corporativas, tanto dende a perspectiva individual como colectiva, e as canles de participación da cidadanía na institución.

Artigo 2.—Réxime de fontes

Son de aplicación preferente ao presente Regulamento as leis básicas do Estado en materia de réxime local e as disposicións con rango de lei ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia.

De forma supletoria, en todo o non disposto na citada normativa e no presente regulamento, será de aplicación a lexislación non básica do Estado que resulte de aplicación.

TÍTULO I

ORGANIZACIÓN POLÍTICA DA CORPORACIÓN

Capítulo I.—Das/os Deputadas/os provinciais

Artigo 3.—Obriga e dereito de asistencia

1.—As Deputadas/os, por razón do seu cargo, teñen o deber institucional e o dereito de asistir e participar con voz e voto en termos de igualdade nas sesións de todos os órganos colexiados da Deputación de Pontevedra de que formen parte.

Nos casos en que por causa xustificada non poidan concorrer ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, deberán comunicar a súa ausencia á persoa que ostente a presidencia ou a secretaría do órgano de que se trate, ou no seu defecto á Secretaría Xeral da Deputación, con anterioridade á celebración da sesión. A omisión deste deber poderá dar lugar á imposición dunha sanción económica pola Presidencia por importe de

300,00 euros.

2.—Poderán asistir tamén, sen dereito a voto, ás sesións dos órganos colexiados que teñan carácter público ou ás que sexan invitados, exercendo, no seu caso, o dereito a voz nos termos que se establezan pola presidencia de cada órgano.

Artigo 4.—Distincións

As Deputadas/os teñen dereito a cantas honras, prerrogativas e distincións lles recoñeza a lexislación estatal e autonómica, así como ás atencións protocolarias pertinentes nos actos da Deputación Provincial de Pontevedra.

Artigo 5.—Incompatibilidades

1.—As Deputadas/os deberán observar en todo momento o réxime de incompatibilidades establecidas na lexislación electoral.

2.—En ningún caso poderán utilizar a súa condición ou distincións no exercicio de actividades de carácter profesional, mercantil ou análogas, nin os medios públicos postos ao seu servizo pola Deputación para o exercicio das súas funcións corporativas.

Artigo 6.—Exercicio do dereito á información

1.—Todas/os Deputadas/os teñen o dereito persoal e indelegable de obter da/do Presidenta/e ou da Xunta de Goberno, previa solicitude, cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento das súas funcións.

Terán dereito igualmente á obtención de copias dos expedientes ou documentos solicitados, previa exacción das taxas que no seu caso correspondan, e sempre e cando non entorpezan o funcionamento normal dos servizos nin se soliciten de forma indiscriminada.

En todo caso, e sen prexuízo do establecido na normativa protectora dos datos de carácter persoal, as/os Deputadas/os teñen a obriga de gardar absoluta reserva sobre as informacións e circunstancias de que teñan constancia como consecuencia dos seus cargos, especialmente daqueles asuntos que se atopan pendentes de resolución, e

velaran pola custodia da documentación que se lles entregue, evitando a súa reprodución.

2.—As peticións de información presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación por escrito dirixido á Presidencia, do que se dará traslado á/ó Presidenta/e e á Secretaría Xeral, que as transmitirá ao servizo ou centro xestor no que obre a información interesada, supervisando a súa obtención.

A información será facilitada persoalmente ao solicitante, no prazo dos cinco días naturais seguintes á súa petición. De non resultar posible proporcionar a información ou as copias da documentación solicitada, deberá darse resposta de forma expresa dentro do prazo indicado anteriormente, expoñendo as causas ou motivos que dean lugar á imposibilidade. No caso de que non se obteña contestación expresa da/o Presidenta/e, da Deputada/o delegada/o no seu caso, ou da Xunta de Goberno, entenderase autorizada a obtención da información por silencio administrativo. A autorización expresa, tácita ou presunta non exime do pagamento das taxas que no seu caso correspondan pola expedición de copias.

3.—Os servizos da Corporación facilitarán directamente información aos seus membros nos seguintes casos:

a) Cando exerzan funcións delegadas e a información se refira a asuntos propios da súa responsabilidade.

b) Cando se trate de asuntos incluídos na orde do día das sesións dos órganos colexiados dos que sexan membros.

c) A información contida nos libros de actas e de Resolucións e no seu soporte informático.

d) A información que sexa de libre acceso da cidadanía

4.—O acceso á información realizarase preferentemente por medios informáticos.

Artigo 7.—Retribucións e Indemnizacións

1.—A/o Presidenta/e e as Deputadas/os Provinciais teñen dereito a percibir as retribucións e indemnizacións por asistencias na contía que se determine por acordo plenario, consonte ós límites legalmente establecidos.

2.—O número de dedicacións exclusivas que se autoricen, xa sexan totais ou parciais, non poderá superar en cómputo total ás que correspondan ao concello máis poboado da Provincia.

3.—Así mesmo, a/o Presidenta/e e as/os Deputadas/os que exerzan funcións executivas delegadas pola Presidencia, terán dereito en todo caso ao uso de vehículos oficiais con condutor para a realización dos desprazamentos necesarios para o desempeño das súas funcións corporativas ou representativas, e á indemnización dos gastos asumidos pola realización de desprazamentos en transporte público ou vehículo propio con tal finalidade.

4.—As retribucións ou indemnizacións das/os Deputadas/os non adscritos non poderán superar as que lle corresponderían de permanecer integrado no grupo político da súa candidatura.

Artigo 8.—Rexistro de intereses

1.—Corresponde á persoa titular da Secretaría Xeral a levanza, custodia e publicidade dos distintos Libros de Rexistro de Intereses dos membros da Corporación previstos na normativa vixente, así como velar polo cumprimento dos requisitos formais e materiais das declaracións formuladas polas/os Deputadas/os no modelo aprobado polo Pleno da Corporación.

Correspóndelle así mesmo levar e custodiar o Libro-rexistro Especial de Bens Patrimoniais, garantindo a confidencialidade dos datos incorporados ao mesmo nos termos en que legal ou regulamentariamente se estableza, sempre e cando non sexa legalmente atribuída a calquera outro órgano ou Administración.

Os libros-rexistro estarán debidamente foliados, cosidos e indexados, e incluíranse en soporte informático para o tratamento mecanizado da información.

2.—As declaracións de bens patrimoniais e actividades debidamente actualizadas publicaranse no portal de transparencia da Deputación de Pontevedra, así como polos medios que se establezan na normativa aplicable, con estrita observancia da normativa de protección de datos de carácter persoal.

Capítulo II.—Dos Grupos Políticos Provinciais

Artigo 9.—Composición dos Grupos Políticos

1.—As/os Deputadas/os estarán integrados en Grupos Políticos Provinciais, que se constituirán como órganos colexiados necesarios na estrutura orgánica da Corporación, e que aglutinan ás/ós Deputadas/os do mesmo partido político ou coalición pola que foran elixidos.

Ningún/ha Deputado/a poderá formar parte de máis dun grupo político, nin formar parte de grupos políticos alleos ao do partido ou coalición pola que fosen elixidos.

2.—As/os Deputadas/os que non se integren no grupo político que constituía o partido ou coalición pola que fosen elixidos, ou deixen de formar parte do mesmo xa sexa por exclusión ou abandono, terán a consideración de Deputadas/os non adscritos.

No caso de candidaturas presentadas como coalición electoral, cando algún dos partidos políticos que a integren decida abandonala, poderán formar grupo político se son máis de dous membros; en caso contrario, integraranse no Grupo Mixto.

3.—Integraranse no Grupo Mixto todas/os as/os Deputadas/os que pertencen a partidos políticos ou coalicións que non obtiveran un mínimo de dúas/dous Deputadas/os.

Artigo 10.—Constitución dos Grupos

1.—Os Grupos Políticos Provinciais constituiranse mediante escrito dirixido á Presidencia, suscrito pola totalidade dos seus integrantes, que se presentará na Secretaría Xeral dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. Do escrito de constitución darase conta ao Pleno.

2.—No escrito de constitución establecerase a denominación do grupo político, e a

indicación das/os Deputadas/os que o integran, entre os que se designará ao seu Voceiro/a e ao Voceiro/a ou Voceiros/as adxuntos/as, que substituirán ó/á titular en caso de ausencia.

3.—A denominación do Grupo Político non poderá conter palabras ou expresións inxuriosas ou que atenten contra o decoro, nin utilizar ou simular a denominación oficial de partidos políticos, coalicións ou grupos políticos alleos aos da adscrición das/os Deputadas/os que os compoñan.

4.—As/os Deputadas/os integrantes dun grupo poderán cambiar a denominación do mesmo e a designación da/o voceira/o titular ou suplente en calquera momento, mediante escrito subscrito coas mesmas formalidades.

5.—As/os Deputadas/os que adquiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva, incorporaranse a un grupo provincial, mediante escrito dirixido á Presidencia que se presentará no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao da toma de posesión do cargo.

Artigo 11.—Grupo Mixto

O Grupo Mixto constituirase de forma automática e estará integrado polas/os Deputadas/os membros de partidos políticos, coalicións, federacións ou agrupacións de electores que non obtiveran un mínimo de dúas/dous Deputadas/os.

Artigo 12.—Voceiros dos grupos

1.—Os Grupos actuarán representados polo seu Voceiro/a, que subscibirá os documentos emitidos por estes e recibirá as comunicacións oficiais que se dirixan ao Grupo que representa.

2.—Corresponde ao Voceiro/a a emisión da postura política do seu Grupo nas sesións plenarias, salvo no caso do Grupo Mixto, no que se distribuirá o tempo de intervención a partes iguais entre as/os Deputadas/os que o compoñan, salvo acordo unánime en contrario dos seus membros.

3.—Os integrantes do grupo mixto designarán ao seu Voceiro/a de entre os seus

membros mediante escrito dirixido á Presidencia e presentado na Secretaría Xeral, podendo establecer no mesmo un sistema de quendas rotatorias.

No caso de que non se designe Voceiro/a por non existir acordo entre as distintas forzas políticas integrantes do Grupo Mixto, o posto rotará trimestralmente entre os seus membros, que comezará pola/o Deputada/o cuxo partido político, coalición ou agrupación de electores obtivese o maior número de votos.

Artigo 13.—Medios dos Grupos

1.—Os Grupos políticos constituídos disporán na sede da Deputación, na medida da dispoñibilidade funcional de espazos, dunha oficina, despacho ou local para reunirse de maneira independente e recibir visitas. Así mesmo, deberá habilitarse un espazo específico para a celebración de roldas de prensa, ou ben autorizar a utilización doutras dependencias da Deputación que resulten axeitadas para tal fin, en atención á representación política de cada Grupo.

2.—A/o Presidenta/e ou o membro da corporación responsable da área de réxime interior porá a disposición dos grupos políticos unha estrutura mínima de medios materiais, que incluírá en todo caso equipamento informático e unha caixa de correo electrónico corporativo para a recepción e emisión de comunicacións.

3.—Os grupos políticos constituídos disporán de persoal eventual ou de confianza, nomeado e cesado pola Presidencia a solicitude dos Voceiros/as de cada grupo. A súa categoría profesional e retribucións, que serán equivalentes, e o seu número, serán determinados por acordo plenario.

En todo caso, o número do persoal eventual da Deputación non excederá dos límites establecidos na lexislación básica de réxime local, incluíndo o asignado aos grupos políticos e o integrante do Gabinete de Presidencia.

TÍTULO II

FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS NECESARIOS

Artigo 14.—Sesiões plenarias

1.—As sesións plenarias serán de tres tipos: ordinarias, extraordinarias, e extraordinarias de carácter urxente.

2.—As sesións celebraranse no Salón de Plenos do edificio da sede da Deputación Provincial. En supostos de caso fortuíto ou de forza maior, e oída a Xunta de Voceiros/as, as sesións poderán celebrarse en calquera outra dependencia de titularidade da Deputación de Pontevedra, establecida na convocatoria ou por resolución presidencial. Esta circunstancia, farase constar na acta da sesión.

Por causa de excepcional interese, debidamente xustificada, e á convocatoria da Presidencia, poderanse celebrar sesións extraordinarias do Pleno da Corporación fóra da súa sede habitual.

3.—As sesións, tanto ordinarias como extraordinarias, respectarán o principio de unidade de acto e procurarase pola Presidencia que terminen o mesmo día do seu comezo, e terán unha duración máxima de seis horas. Se terminase sen que se houbesen debatido e resolto a totalidade dos asuntos incluídos na orde do día, poderá convocarse de novo para tratar os asuntos que restasen.

4.—As sesións plenarias son públicas. Non obstante, poderán ser secretos o debate e votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o Artigo 18.1 da Constitución Española, cando así se acorde por maioría absoluta.

O público asistente ás sesións non poderá intervir nestas, nin tampouco poderán permitirse manifestacións de agrado ou desagrado, podendo a/o Presidenta/e proceder á expulsión do asistente ou asistentes que por calquera causa impidan o normal desenvolvemento da sesión. Os asistentes que impidan o normal desenvolvemento das sesións plenarias, provocando a súa suspensión e/ou celebración a porta pechada, poderán ser sancionados coa prohibición de acceso ás sesións que se celebren nos tres meses inmediatamente seguintes sen prexuízo das responsabilidades en que puideran

meses inmediatamente seguintes, sen prexuízo das responsabilidades en que puideran ter incorrido.

5.—A Deputación de Pontevedra implantará os mecanismos técnicos que resulten necesarios para a retransmisión pública e en directo por medios audiovisuais dos plenos da Corporación, empregando medios de difusión gratuítos para a cidadanía, coa excepción indicada no parágrafo anterior.

Así mesmo, na medida dos avances da técnica e do marco normativo aplicable, e dende a perspectiva da racionalización do gasto público, procurarase a posta en funcionamento dun sistema de asistencia virtual e voto telemático das/os Deputadas/os, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, nos casos de maternidade, paternidade ou enfermidade grave.

Artigo 15.—Sesións ordinarias

1.—Son sesións ordinarias as celebradas coa periodicidade mensual previamente establecida. O día e hora da súa celebración serán fixados inicialmente en cada mandato por acordo do Pleno Extraordinario de organización, que deberá convocar a/o Presidenta/e dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación. O día e hora das sesións ordinarias poderá modificarse por acordo plenario en calquera momento, respectando a periodicidade mínima establecida dunha vez ao mes.

2.—A Presidencia, oída a Xunta de Voceiros/as, poderá dispor a celebración noutras datas dos plenos ordinarios dos meses de xullo, agosto e decembro, como consecuencia dos períodos de vacacións, sempre e cando non se menoscabe a xestión dos asuntos provinciais, así como pospoñer ou adiantar a realización do resto das sesións ordinarias, cando o día fixado sexa inhábil ou se atope dentro dun período de vacacións.

Artigo 16.—Sesións extraordinarias

1.—Son sesións extraordinarias as convocadas como tal de orde da/o Presidenta/e fóra do réxime ordinario de sesións, por propia iniciativa ou a solicitude dun/ha deputado/a, formulada por escrito e asinada persoalmente pola cuarta parte do número legal de membros da Corporación, na que se exprese a motivación do asunto ou asuntos a tratar, sen que ningún/ha deputado/a poida solicitar máis de tres anualmente.

2.—A solicitude de sesión extraordinaria por parte de membros da corporación deberá efectuarse por escrito no que se razoen o asunto ou asuntos que a motiven e se formule a proposta de acordo ou toma de posición ao Pleno, asinado persoalmente por todos os que a subscriben sen prexuízo da ulterior ratificación da firma perante o/a Secretario/a Xeral.

3.—O réxime da convocatoria das sesións extraordinarias por propia iniciativa da Presidencia ou a solicitude das/os Deputadas/os será o establecido na normativa que resulte de aplicación.

Artigo 17.—Sesións extraordinarias de carácter urxente

1.—Son sesións extraordinarias de carácter urxente as convocadas de orde da/o Presidenta/e cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permita a convocatoria da sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días hábiles. Nas sesións extraordinarias e urxentes, non será necesario que os asuntos sexan ditaminados polas Comisións informativas.

2.—A convocatoria das sesións extraordinarias e urxentes deberá incluír como primeiro punto da Orde do día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión. No caso de que esta non resulte apreciada polo Pleno, levantarase acto seguido a sesión.

Artigo 18.—Convocatoria

1.—As sesións plenarias serán convocadas pola/o Presidenta/e. A convocatoria das sesións extraordinarias deberá ser motivada.

2.—A convocatoria conterá a orde do día, comprensiva dos asuntos a tratar, que se relacionarán co detalle suficiente. Nas sesións ordinarias, incluírase como primeiro punto da Orde do día a aprobación das actas das sesións anteriores, cuxos borradores se incluírán na convocatoria.

3.—A convocatoria, a orde do día e os borradores de actas serán notificados coa antelación legal de forma persoal ós Deputados e Deputadas polo/a Secretario/a Xeral. A notificación poderá practicarse ós Grupos Políticos, por conduto dos seus voceiros/as ou

do persoal adscrito aos mesmos. En todo caso, acreditarase no expediente a recepción da citación.

4.—Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de dous días hábiles, salvo no caso das sesións extraordinarias e urxentes.

5.—A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día estará a disposición das/os Deputadas/os na Secretaría Xeral, ou nas dependencias que se habiliten a tal efecto baixo a responsabilidade do Secretario/a Xeral, dende o mesmo día da convocatoria. A consulta da documentación deberá facerse persoalmente polas/os Deputadas/os.

En ningún caso a documentación orixinal poderá ser retirada pola persoa que a consulta do lugar onde se atope posta de manifesto, sen prexuízo do seu dereito a obter copias dos mesmos nos termos establecidos neste regulamento, que en ningún caso poderá realizarse de forma indiscriminada de forma que entorpeza o normal funcionamento dos servizos.

A Deputación de Pontevedra implantará os medios técnicos e electrónicos para que a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día sexan postas a disposición das/os Deputadas/os por medios electrónicos.

Artigo 19.—Contido da Orde do día

1.—A orde do día das sesións será fixada pola/o Presidenta/e asistida/o polo/a Secretario/a. Para a conformación da orde do día das sesións ordinarias, poderá solicitarse a asistencia da Xunta de Voceiros/as e dos membros da Xunta de Goberno.

Non se incluírá na orde do día ningún asunto que non fose ditaminado previamente pola respectiva Comisión Informativa.

2.—Sen prexuízo do anterior, a/o Presidenta/e poderá incluír na orde do día das sesións ordinarias asuntos que non fosen ditaminados previamente pola correspondente Comisión Informativa. Neste suposto, para a validez dos acordos adoptados nestes asuntos será preceptiva a previa ratificación polo Pleno da súa inclusión na orde do día.

3.—Nos plenos ordinarios a parte dedicada ao control dos órganos de Goberno da Corporación presentará substantividade propia e diferenciadora da parte resolutoria, garantíndose de forma efectiva no seu funcionamento a participación de todos os grupos provinciais na formulación de rogos, preguntas e mocións.

Artigo 20.—Intervencións da cidadanía

1.—Os cidadáns e as asociacións en que se integren poderán solicitar da Presidencia autorización para expoñer oralmente asuntos do seu interese ante o Pleno da Corporación inmediatamente antes da apertura de cada sesión ordinaria que se celebre. As exposicións non darán lugar a debate nin a toma de posición dos Grupos.

Só se admitirán dúas intervencións en cada pleno, cunha duración máxima de 5 minutos cada unha.

2.—A solicitude cursarase por escrito presentado no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra dirixido á Presidencia, cunha antelación mínima de 10 días á data de celebración de cada pleno ordinario, no que se incluírá unha exposición do asunto e a indicación dos datos identificativos da persoa que se dirixirá ao Pleno, así como a data da sesión ordinaria a que queiran concorrer.

3.—As solicitudes serán autorizadas por orde estrito de entrada no Rexistro. Poderanse inadmitir, previo informe do Secretario/a Xeral e de forma motivada, aquelas que incumpran os requisitos formais, aquelas cuxo contido atente contra a institución ou calquera dos cargos ou empregados públicos da mesma ou de terceiros, aquelas que traten sobre asuntos de réxime interno da Deputación, ou aquelas que teñan por obxecto asuntos de índole individual.

4.—Durante a exposición ó poñente poderalle ser retirado o uso da palabra pola Presidencia cando profira palabras ou verta conceptos ofensivos co decoro da Corporación ou dos seus membros, das Institucións Públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.

Artigo 21.—Orde de colocación das/os Deputadas/os

1.—Os membros da corporación tomarán asento no Salón de Plenos unidos ao seu grupo. A orde de colocación determinarase pola Presidencia, oídos os/as Voceiros/as, tendo preferencia o grupo formado por un maior número de Deputados/as. En calquera caso, a colocación dos mesmos, tenderá a facilitar a emisión e o recuento dos votos.

2.—Unha vez establecida a distribución dos asentos de cada grupo, só se modificará no suposto da incorporación dalgún Deputado/a ao grupo de Deputados/as non adscritos por deixar de pertencer ao grupo político da súa procedencia, oída a Xunta de Voceiros/as.

Artigo 22.—Válida constitución do Pleno

1.—Para a válida constitución do Pleno requírase a asistencia dun terzo do número legal de membros da Corporación. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia da/o Presidenta/e e do/a Secretario/a da Corporación ou daqueles que legalmente os substitúan.

2.—Se en primeira convocatoria non existise o quórum necesario, a sesión entenderase convocada automaticamente á mesma hora dous días despois. De non acadar o quórum necesario na segunda convocatoria, a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria, pospoñendo o estudo dos asuntos incluídos na orde do día para a primeira sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 23.—Inicio das sesións do Pleno

Comprobada a existencia do quórum necesario polo/a Secretario/a Xeral, iniciaránse as sesións, preguntando a Presidencia se algún membro da corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior.

Se non houberse observacións, considerarase aprobada. Se has houberse, debatiranse e decidiranse as rectificacións que procedan. En ningún caso poderá modificarse o fondo dos acordos adoptados, sen prexuízo da eventual rectificación de erros materiais ou de feito ostensibles, manifestos e indiscutibles.

Artigo 24.—Orde do debate e votación

1.—Os asuntos debateránse e votaranse na orde en que figuren na orde do día. A

Presidencia poderá alterar a orde dos asuntos a tratar e resolver que varios asuntos se debatan de forma conxunta cando garden relación entre si, se ben a votación de cada asunto se fará por separado.

2.—A Presidencia poderá decidir retirar un asunto cando a súa aprobación esixa maioría especial e non puidese obterse no momento previsto inicialmente na orde do día.

3.—Nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos a tratar na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, a/o Presidenta/e preguntará aos/as Voceiros/as de cada Grupo e ás/ós Deputadas/os non adscritas/os se desexan someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día da convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Se así fose, o Voceiro/a do grupo propoñente ou o Deputado/a non adscrito/a xustificará a urxencia da moción por tempo máximo de dous minutos, e o Pleno votará sobre a procedencia do seu debate. Se o resultado fose positivo, procederase ao seu debate e votación.

Cando os asuntos declarados urxentes requiran informe preceptivo da Secretaría ou da Intervención, e estes non puidesen emitirse no acto, deberán solicitar da Presidencia que se aprace o seu estudo, quedando sobre a mesa ata a próxima sesión. Cando dita petición non fose atendida, o/a Secretario/a farao constar expresamente na acta.

En ningún caso se poderá propor por esta vía unha moción de censura, que se tramitará polo procedemento establecido na normativa aplicable.

4.—Calquera Deputado/a poderá pedir, durante o debate, a retirada dalgún expediente incluído na orde do día a efectos de que se incorporen ao mesmo documentos e informes, e tamén solicitar que o expediente quede sobre a mesa, aprazándose a discusión para a seguinte sesión. En ambos casos, a petición será votada tras terminar o debate e antes de proceder á votación sobre o fondo do asunto. Se por maioría simple o Pleno votase a favor da petición non haberá lugar a votar a proposta de acordo.

Artigo 25.—Debate dos asuntos

1.—A toma en consideración de cada asunto da orde do día que fose ditaminado pola correspondente Comisión Informativa comezará coa lectura polo Secretario/a Xeral ou pola Presidencia do punto da orde do día que corresponda.

Os Grupos Políticos e Deputados/as non adscritos poderán solicitar a lectura íntegra polo Secretario/a Xeral daquelas partes do expediente ou do ditame da Comisión Informativa que se considere conveniente para a súa mellor comprensión.

A consideración dos asuntos que por razóns de urxencia foran incluídos na orde do día pero non ditaminados pola Comisión Informativa correspondente, comezará coa ratificación da súa inclusión na orde do día. Se o resultado da votación fose favorable, seguirase o trámite previsto para os asuntos ordinarios.

2.—Se ningún pide a palabra, tras a lectura o asunto someterase a votación.

3.—Se se promove debate, as intervencións serán ordenadas pola/o Presidenta/e consonte ás seguintes regras:

a) Só poderá facerse uso da palabra previa autorización da Presidencia, ou só poderá ser interrompida pola Presidencia para indicarlle que se centre no asunto da orde do día obxecto de debate, para chamalo á orde, e para retirarlle a palabra por ter transcorrido o tempo fixado para a intervención. A/o Presidenta/e velará por que todas as intervencións respecten a duración das quendas de palabra.

b) O debate comezará coa exposición do asunto, a cargo dalgún membro da Comisión Informativa que a ditaminase, e nos demais casos, dalgún dos membros da Corporación que subscriban a proposición ou moción ou polo Voceiro/a do Grupo político, por tempo máximo de cinco minutos.

c) A continuación, con exclusión do grupo a que pertenza o/a propoñente e por orde inversa á importancia numérica do grupo, os grupos políticos e deputados/as non adscritos fixarán a súa posición política, por medio dos seus Voceiros/as ou outros/as Deputados/as do grupo designados para tal fin, por tempo máximo de cinco minutos por cada grupo.

Concluída a quenda de palabra, se algún dos grupos ou Deputados/as non adscritos o solicítase, procederáse a unha segunda quenda, que se substanciará nos mesmos termos que a primeira, por tempo máximo de tres minutos por cada grupo, incluído o proponente.

Terminadas as intervencións, a/o Presidenta/e dará por terminado o debate, que pechará cunha intervención do/a proponente na que se limitará brevemente a ratificar ou modificar a súa proposta, e no seu caso, aceptar as emendas formuladas por tempo máximo de dous minutos.

A/o Presidenta/e poderá intervir en calquera momento do debate, así como pechar o debate definitivamente pasando á votación.

Nos debates sobre a aprobación dos orzamentos, dos plans de obras e servizos municipais, e aqueles outros asuntos en que así se acorde por unanimidade da Xunta de Voceiros/as en atención á importancia e complexidade da proposta, a Presidencia outorgará un tempo superior, que será o dobre do establecido para o debate dos asuntos ordinarios salvo acordo unánime da Xunta de Voceiros/as.

d) Finalizado o debate, procederáse inmediatamente á votación, e proclamarase o acordo no sentido que corresponda.

e) Quen se considere aludido por unha intervención poderá solicitar da Presidencia que se conceda unha quenda por alusións, por tempo máximo de dous minutos. A tal efecto, consideraranse alusións os xuízos de valor ou referencias persoais que afecten a calquera deputado/a, en cuxo caso a intervención por alusións se producirá inmediatamente despois de concluír aquela que a motive.

f) Os membros da corporación poderán, en calquera momento do debate, pedir a palabra para plantexar unha cuestión de orde, invocando ó efecto a normativa cuxa aplicación se reclama. A presidencia resolverá o que proceda, sen que por este motivo se entable debate algún.

g) Durante o transcurso da sesión, a/o Presidenta/e poderá acordar interrupcións, ó seu prudente arbitrio, para permitir as deliberacións dos grupos por separado sobre a cuestión debatida ou para descanso nos debates.

4.—Os funcionarios/as responsables da Secretaría e da Intervención poderán intervir cando fosen requiridos polo/a Presidente/a por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Cando ditos funcionarios entendan que no debate se ten plantexado algunha cuestión sobre a que poida dubidarse da súa legalidade ou das repercusións orzamentarias do punto debatido, poderán solicitar á Presidencia o uso da palabra para asesorar á Corporación.

Artigo 26.—Chamadas á orde

1.—A/o Presidenta/e poderá chamar á orde a calquera membro da corporación, nos seguintes casos:

a) Profira palabras ou verta conceptos ofensivos ao decoro da Corporación ou dos seus membros, das institucións públicas ou de calquera persoa ou entidade.

b) Produza interrupcións ou de calquera forma altere a orde das sesións.

c) Pretenda facer uso da palabra sen que lle teña sido concedida ou unha vez lle fose retirada.

2.—Tras tres chamadas á orde na mesma sesión, con advertencia na segunda das consecuencias dunha terceira chamada, a/o Presidenta/e poderá ordenarlle que abandone o Salón de Plenos ou lugar onde se desenvolva a sesión, adoptando as medidas que considere oportunas para facer efectiva a expulsión.

3.—Se durante a celebración da sesión se producise unha alteración da orde pública que impidise o normal desenvolvemento da sesión, a Presidencia poderá ordenar a suspensión da sesión.

Se non se pode reanudar a sesión por persistir as circunstancias que deron lugar á suspensión, a Presidencia, oída a Xunta de Voceiros/as, poderá reanudar a sesión a porta

pechada ou levantar definitivamente a sesión, convocando no prazo máximo de dez días unha nova sesión co carácter da anterior para o tratamento dos asuntos que quedasen pendentes.

Artigo 27.—Deber de abstención

Sen prexuízo das causas de incompatibilidade establecidas pola lei, nos supostos en que algún membro da corporación deba absterse de participar na deliberación e votación dalgún asunto, deberán abandonar o seu asento mentres se discuta e vote o asunto, podendo quedar entre o público, salvo que a deliberación e votación teñan sido declaradas secretas, en que deberá abandonar o Salón.

Cando se trate de debater a súa actuación como membro corporativo, terá dereito a permanecer no seu asento e defenderse.

Artigo 28.—Ditame, Proposición, Moción, Voto Particular, Emenda, Rogos e Preguntas

1.—Para os efectos do desenvolvemento das sesións e para definir o carácter das intervencións dos membros da Corporación, utilizarase a seguinte terminoloxía:

a. Ditame, é a proposta sometida ao Pleno tras o estudo do expediente pola Comisión Informativa. Contén unha parte expositiva e un acordo para adoptar.

b. Proposición, é a proposta que se somete ao Pleno relativa a un asunto incluído na orde do día que acompaña á convocatoria, sen ter sido previamente informado pola respectiva comisión informativa por razóns de urxencia debidamente motivada. Conterá unha parte expositiva ou xustificación e un acordo, así mesmo, a adoptar. Non procederá entrar a debater ni votar unha proposición sen que previamente sexa ratificada polo Pleno a súa inclusión na orde do día.

c. Moción, é a proposta que se somete directamente a coñecemento do Pleno sen estar incluída na orde do día, finalizado o exame dos asuntos incluídos na parte resolutiva e antes de pasar ao estudo dos rogos e preguntas, cos seguintes requisitos. Poderá formularse por escrito ou oralmente, no que o Voceiro/a do grupo que a propón ou Deputado/a non adscrito xustificará a súa urxencia para a súa votación e, no seu caso, debate.

d. Voto particular, é a proposta de modificación dun ditame formulada por un membro que forma parte da Comisión Informativa. Deberá acompañar ao ditame desde o día seguinte á súa aprobación pola Comisión.

e. Emenda, é a proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro da corporación, mediante escrito presentado á/o Presidenta/e antes de iniciarse a deliberación do asunto.

As emendas poderán ser de supresión, de modificación, de adición e transaccionais. Só se admitirá a súa formulación in voce cando teñan como finalidade emendar erros materiais, de feito, ou aritméticos.

f. Rogo, é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algúns dos órganos de goberno. Os rogos formulados no seo do Pleno poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación.

Poden expor rogos todos/as os/as membros da Corporación, ou os grupos provinciais a través dos seus voceiros/as.

Os rogos poderán ser efectuados oralmente ou por escrito e serán debatidos xeralmente na sesión seguinte, sen prexuízo de que o poidan ser na mesma sesión que se formulen se a/o Presidenta/e o estima conveniente.

O debate consistirá nunha intervención do proponente, que disporá dun tempo máximo dun minuto para a exposición do rogo, e unha resposta da Presidencia ou deputada/o delegada/o da área corporativa a que se dirixa por un tempo de dous minutos para a súa consideración.

g. Pregunta, é calquera cuestión exposta aos órganos de goberno no seo do Pleno. Poden expor preguntas todos os membros da Corporación, ou os grupos políticos provinciais a través dos seus voceiros.

As preguntas expostas oralmente no transcurso dunha sesión serán xeralmente

contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata. A resposta oral ás preguntas non dará lugar a debate.

As preguntas formuladas por escrito serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

As preguntas formuladas por escrito con vinte e catro horas de antelación serán contestadas ordinariamente na sesión ou, por causas debidamente motivadas, na seguinte.

2.—Para garantir a operatividade e o correcto funcionamento corporativo, a presentación de mocións ou proposicións, incluídas as de urxencia, estará limitada a un máximo de sete por sesión.

Cada grupo político poderá presentar o número de mocións que lle correspondan en proporción ao seu número de deputados/as. En todo caso, cada grupo político poderá presentar unha moción, aínda que a proporcionalidade non o permita. Cada deputada/o non adscrita/o poderá presentar como máximo o número de mocións que proporcionalmente lle corresponda en cómputo anual en atención ao número máximo de mocións por cada sesión plenaria ordinaria e o número legal de deputadas/os que compoñen a Corporación.

Se fose necesario para garantir o establecido nos parágrafos anteriores, o número máximo de mocións por sesión ampliarase.

Previa consulta da Xunta de Voceiros/as, as formuladas en exceso poderán quedar sobre a mesa para a súa consideración na próxima sesión, ou ser retiradas polo grupo político ou deputado/a non adscrito proponente. En caso de que o grupo político proponente non se pronuncie sobre a preferencia no seu debate, repartiranse entre as sucesivas sesións por orde estrito de entrada.

As mocións urxentes presentaranse no Rexistro Xeral cunha antelación mínima de vinte e catro horas á celebración da sesión plenaria. No caso de que fosen presentadas con posterioridade, quedarán sobre a mesa para o seu tratamento como mocións ordinarias

para o seu debate na sesión plenaria inmediatamente posterior, salvo que sexan retiradas pola/o Deputado/a asinante.

3.—De igual modo, cada Grupo político poderá formular un máximo de tres rogos e preguntas por cada sesión plenaria, e unha cada deputada/o non adscrito.

Non se admitirán rogos nin preguntas que sexan reiterativos doutros formulados con anterioridade.

Artigo 29.—Votacións

1.—Finalizado o debate dun asunto, procederase á súa votación, que se exercerá polas/os Deputadas/os de forma persoal e indelegable.

2.—Antes de comezar a votación a/o Presidenta/e exporá clara e concisamente os termos da mesma e a forma de emitir o voto. O contido da proposta votarase integramente, sen prexuízo de que poidan ser obxecto de votación independente os diversos puntos que a compoñan a iniciativa dalgún dos Voceiros/as, Deputados/as non adscritos ou da Presidencia, sempre e cando o sentido dos acordos propostos resulte compatible.

3.—Unha vez iniciada a votación non pode interromperse por ningún motivo. Durante o desenvolvemento da votación a/o Presidenta/e non concederá o uso da palabra e ningún membro corporativo poderá entrar no Salón ou abandonalo.

4.—Terminada a votación ordinaria, a/o Presidenta/e declarará o acordado.

5.—Inmediatamente de concluír a votación nominal, o/a Secretario/a computará os sufraxios emitidos e anunciará en voz alta o seu resultado, en vista do cal a/o Presidenta/e proclamará o acordo adoptado.

6.—Proclamado o acordo, os grupos ou deputados/as non adscritos que non houberan intervido no debate ou que tras este tiveran mudado o sentido do seu voto, poderán solicitar da/o Presidenta/e unha quenda de explicación de voto, que poderá ser autorizado por tempo máximo de dous minutos.

Artigo 30.—Cómputo dos votos

1.—Como regra xeral, a adopción dos acordos plenarios require da maioría simple dos membros presentes. Existe maioría simple cando os votos afirmativos son máis que os negativos.

2.—Entenderase por maioría absoluta cando os votos afirmativos son máis da metade do número legal de membros da Corporación.

Artigo 31.—Forma de emisión do voto

1.—O voto pode emitirse en sentido afirmativo ou negativo, podendo os membros da Corporación absterse de votar.

A efectos da votación correspondente considerarase que se absteñen os membros da Corporación que se ausentaron do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación. No caso de que se houberen reintegrado ao Salón de Sesións antes da votación poderán, desde logo, tomar parte da mesma.

2. No caso de votacións con resultado de empate efectuarase unha nova votación, e se persistise o empate, decidirá o voto de calidade da/o Presidenta/e.

3.—O voto é persoal e indelegable. As/os deputadas/os serán responsables do uso, coidado, custodia e intransferibilidade a terceiros dos dispositivos electrónicos, tarxetas, claves, contrasinais, e calquera outro dispositivo ou método técnico que autentique a súa personalidade nos sistemas de asistencia e votación telemática que se implanten.

Artigo 32.—Tipos de votacións

1.—As votacións poden ser ordinarias, nominais e secretas.

a) Son ordinarias as que se manifestan por signos convencionais de asentimento, disentimento ou abstención.

b) Son nominais aquelas votacións que se realizan mediante chamamento por orde alfabética de apelidos e sempre en último lugar a/o Presidenta/e e na que cada membro da Corporación, ao ser chamado, responde en voz alta «si», «non» ou «me absteño».

c) Son secretas as que se realizan por papeleta que cada membro da Corporación vaia depositando nunha urna ou bolsa.

2.—O sistema normal de votación será a votación ordinaria.

3.—A votación nominal requirirá a solicitude dun grupo político aprobada polo Pleno por unha maioría simple en votación ordinaria.

4.—A votación secreta só poderá utilizarse para elección ou destitución de persoas.

Artigo 33.—Medios de control e fiscalización da actuación dos órganos de goberno

O control e fiscalización polo Pleno da actuación dos demais órganos de goberno exercerase a través dos seguintes medios:

a) Requirimento de presenza e información de membros corporativos que ostenten delegación.

b) Debate sobre a actuación da Xunta de Goberno.

c) Moción de censura á/o Presidenta/e.

e) Cuestión de confianza.

Artigo 34.—Comparecencia das/os delegadas/os

1.—Todo membro da Corporación que por delegación da/o Presidenta/e ostente a responsabilidade dunha área de xestión, estará obrigado a comparecer ante o Pleno, cando este así o acorde, a petición da cuarta parte do número legal de membros corporativos, ao obxecto de responder as preguntas que se lle formulen sobre a súa actuación.

2.—Solicitada a comparecencia mencionada no apartado anterior, a/o Presidenta/e incluíra o asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria ou extraordinaria a celebrar pola Corporación, notificando ao interesado a data na que se celebrará a sesión en que deberá comparecer. Entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer,

polo menos, tres días.

3.—As/os Deputadas/os que por delegación da/o Presidenta/e ostenten a responsabilidade dunha área de xestión poderán solicitar voluntariamente a comparecencia prevista nos apartados anteriores.

4.—No desenvolvemento das comparecencias seguirase a orde das intervencións establecidas para as sesións plenarias, intervindo o informante para dar resposta ás preguntas que lle formulen os diversos grupos políticos da Corporación. En ningún caso desta comparecencia poderá derivar a adopción de acordos sen cumprirse os requisitos regulamentarios.

Artigo 35.—Control da xestión da Xunta de Goberno

1.—O Pleno, a proposta da/o Presidenta/e ou mediante solicitude da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros corporativos, poderá acordar a celebración de sesión extraordinaria cuxo obxecto sexa someter a debate a xestión da Xunta de Goberno.

2.—O desenvolvemento da sesión a que fai referencia o apartado anterior suxeitarase ao establecido con carácter xeral, intervindo en primeiro lugar o autor da proposta para explicar o significado da mesma. Contestará un membro da Xunta de Goberno designado por esta e, despois de senllas quendas de réplica, poderán intervir os demais grupos políticos da Corporación para formular preguntas á Xunta de Goberno, que serán contestadas por un membro da mesma.

3.—Como consecuencia do debate poderá presentarse unha moción con obxecto de que o Pleno manifeste a súa posición sobre a xestión da Xunta de Goberno. Se o Pleno admite debater a moción, esta incluírase na orde do día na seguinte sesión plenaria, xa sexa ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 36.—Moción de censura

1.—A sesión extraordinaria para deliberar e votar a moción de censura á/ó Presidenta/e convocarase expresamente con este único asunto na orde do día.

2.—O Pleno onde se debata a moción de censura estará presidido por unha Mesa de

Idade, integrada polas/os Deputadas/os de maior e menor idade, excluídos a/o Presidenta/e e a/o candidata/o, actuando como Secretario/a o da Corporación.

O debate e votación da moción de censura aterase ás seguintes regras:

- a) A sesión comezará coa lectura íntegra polo/a Secretario/a do escrito de presentación.
- b) A continuación fará uso da palabra a/o Voceira/o do grupo ou dun dos grupos asinantes da moción, ou no seu caso unha/un Deputada/o, para xustificar de maneira sucinta durante 10 minutos os motivos da mesma.
- c) A continuación intervirán, durante 10 minutos, no seu caso, as/os demais voceiras/os ou Deputadas/os do resto de grupos, así como a/o voceira/o do grupo do censurado, para fixar a súa posición respecto da mesma.
- d) Por último intervirá a/o censurada/o, durante 20 minutos, quen contestará aos intervinientes e manifestará a súa posición.

Finalizadas as intervencións, pasarase de inmediato á votación, non habendo lugar a máis debate. É necesaria a maioría absoluta do número legal de membros para ser elixida/o Presidenta/e.

Finalizada a votación, se a/o candidata/o proposta/o é elixida/o Presidenta/e tomará posesión do cargo, previo xuramento ou promesa, pasando a presidir a sesión e pechando a mesma.

Artigo 37.—Cuestión de confianza

A/o Presidenta/e da Deputación poderá plantexar ao Pleno da Corporación unha cuestión de confianza, que se regulará polo disposto na lexislación xeral electoral.

A cuestión de confianza estará vencellada á aprobación polo Pleno dos seguintes acordos:

- a) orzamento anual
- b) regulamento orgánico

c) plan de investimentos nos concellos para obras e servizos

Artigo 38.—Contido das actas

1.—De cada sesión a/o Secretaria/o estenderá acta na que se fará constar:

a) Lugar de reunión, con expresión do nome do Municipio e local en que se celebra.

b) Día, mes e ano.

c) Hora en que comeza.

d) Nome e apelidos da/o Presidenta/e, dos membros da Corporación presentes, dos ausentes que se escusaron e dos que falten sen escusa.

e) Carácter ordinario ou extraordinario da sesión, e se se celebra en primeira ou en segunda convocatoria.

f) Asistencia da/o Secretaria/o, ou de quen legalmente lle substitúa, e presenza do funcionario/a responsable da Intervención, cando concorra.

g) Asuntos que examinen, opinións sintetizadas dos grupos ou membros da Corporación que interviñesen nas deliberacións e incidencias destas.

h) Votacións que se verifiquen e no caso das nominais o sentido en que cada membro emita o seu voto. Nas votacións ordinarias farase constar o número de votos afirmativos, dos negativos e das abstencións. Farase constar nominalmente o sentido do voto cando así o pidan os/as interesados/as.

i) Parte dispositiva dos acordos que se adopten.

l) Hora en que a/o Presidenta/e levante a sesión.

2.—De non celebrarse sesión por falta de asistentes, ou outro motivo, a/o Secretaria/o suplirá a acta cunha dilixencia autorizada coa súa firma, na que consigne a causa e nomes dos concorrentes e dos que houberen escusado a súa asistencia.

Artigo 39.—Forma de emisión das Actas

1.—As actas das sesións do Pleno, da Xunta de Goberno, e das Comisións Informativas redactaranse en galego. Non obstante, a transcripción das intervencións realizarase de forma literal, na lingua cooficial en que fosen efectuadas.

2.—A acta, unha vez aprobada polo Pleno, transcribírase no Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da/o Presidenta/e e da/o Secretaria/o.

Artigo 40.—Do Libro de Actas e resolucións

O Libro de Actas, instrumento público solemne, confeccionarase sobre follas móbiles con medios mecánicos consonte ás seguintes regras:

1.^a Utilizarase, en todo caso, o papel numerado da Xunta de Galicia.

2.^a O papel adquirido para cada Libro, que o será con numeración correlativa, farase constar na dilixencia da apertura asinada pola/o responsable da Secretaría, que expresará na primeira páxina as series, números e a data de apertura en que se inicia a transcripción dos acordos. Ao mesmo tempo cada folla será rubricada pola/o Presidenta/e, selada co da Corporación e numerada correlativamente a partir do número 1, independentemente do número do folio.

3.^a Aprobada a acta, a/o Secretaria/o faraa transcribir mecanográficamente, por impresora de computador ou o medio mecánico que se empregue, sen emendas nin riscadas ou salvando ao final as que involuntariamente se produciren, ás follas correlativas seguindo rigorosamente a súa orde e facendo constar, ao final de cada acta por dilixencia, o número, clase e numeración de todos e cada un dos folios do papel numerado en que quedou estendida.

4.^a Como garantía e seguridade de todas e cada unha das follas soltas, ata a encadernación, prohibese alterar a orde numérica dos folios descritos na dilixencia de apertura, debendo anularse por dilixencia nos casos de erro na orde de transcripción ou no seu contido. Os últimos folios reservados serán anulados por dilixencia do Secretario/a cando non sexan suficientes para a transcripción íntegra da acta da sesión que

corresponda, de forma que as actas non figuren parcialmente transcritas en libros distintos.

5.^a Cando os folios reservados a un Libro se atopen xa escritos ou anulados, procederáse á súa encadernación. En cada tomo estenderáse dilixencia pola/o Secretaria/o, co “visto e prace” da/o Presidenta/e, expresiva do número de actas que comprende, con indicación da acta que o inicie e da que o finalice.

Artigo 41.—Dos Libros de Resolucions

Os Libros de Resolucions da/o Presidenta/e da Deputación, ou de quen actúe pola súa delegación, confeccionaranse cos mesmos requisitos establecidos nos artigos anteriores.

Artigo 42.—Separación das Actas e Libros

As actas das sesións da Xunta de Goberno transcribíranse e conservaranse de forma independente das do Pleno, pero con idénticas garantías que as deste.

Igualmente, as resolucions presidenciais figurarán en soporte documental independente.

Artigo 43.—Custodia dos libros de actas

A/o Secretaria/o custodiará os Libros de Actas, baixo a súa responsabilidade, nas dependencias da Deputación Provincial e non consentirá que saian da mesma baixo ningún pretexto, nin aínda a requirimento de autoridades de calquera orde, salvo no caso de resolución xudicial firme. Estará obrigada/o a expedir certificacións ou testemuños dos acordos que o devandito Libro conteña cando así o reclamen de oficio as autoridades competentes.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior a saída dos folios móbiles para a súa encadernación, polo tempo mínimo indispensable para tal labor, empregando de preferencia medios propios.

Capítulo II.—Da Xunta de Goberno

Artigo 44.—Réxime de sesións da Xunta de Goberno

1.—As sesións da Xunta de Goberno poderán ser constitutivas, ordinarias, extraordinarias e urxentes.

2.—A Xunta de Goberno celebrará sesión constitutiva, a convocatoria da/o Presidenta/e, dentro dos dez días seguintes a aquel en que por resolución presidencial se designase os membros que a integran.

3.—A Xunta de Goberno celebrará sesión ordinaria unha vez á semana, no día e á hora que se estableza por resolución presidencial ao inicio de cada mandato corporativo, do que se dará conta ao Pleno.

Cando coincida en festivo, poderá cambiarse a súa data ou acumularse os asuntos á Xunta de Goberno da semana seguinte. En todo caso, entre unha sesión e outra non poderá transcorrer un tempo superior a quince días.

4.—As sesións extraordinarias e sesións extraordinarias e urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocadas pola/o Presidenta/e, que ostenta a competencia exclusiva para a súa convocatoria. Só poderán convocarse sesións extraordinarias e urxentes cando polo transcurso de prazos ou pola urxencia do asunto a tratar non poidan agardar á celebración da próxima sesión ordinaria ou extraordinaria.

5.—A/o Presidenta/e poderá en calquera momento reunir á Xunta de Goberno cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións en exercicio das atribucións que lle correspondan.

Artigo 45.—Desenvolvemento das sesións

1.—As sesións da Xunta de Goberno axustaranse ao establecido para as sesións plenarias, coas seguintes particularidades:

a) Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, salvo no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.

b) As sesións da Xunta de Goberno non serán públicas, sen prexuízo da publicidade e comunicación ás Administracións Estatal e Autonómica dos acordos adoptados. Ademais,

no prazo de dez días dende a súa aprobación deberá enviarse a todos os membros da Corporación copia da acta, literal ou en extracto.

c) Para a válida constitución da Xunta de Goberno requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes. Se non existise quórum, constituirase en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sendo suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros e en todo caso, un número non inferior a tres.

d) A/o Presidenta/e dirixe e ordena ao seu prudente arbitrio os debates no seo da Xunta de Goberno.

e) Nos casos en que a Xunta de Goberno exerza competencias delegadas polo Pleno, será preceptivo o previo informe da Comisión Informativa correspondente.

f) As actas das sesións da Xunta de Goberno transcribíranse en libro distinto do das sesións do Pleno, coas mesmas formalidades.

2.—A Xunta de Goberno nas súas reunións deliberantes non poderá adoptar ningún acordo, formalizándose o resultado das deliberacións, no seu caso, en forma de ditames.

3.—Tanto nas sesións como nas reunións da Xunta de Goberno, a/o Presidenta/e poderá requirir a presenza de membros da Corporación non pertencentes á Xunta de Goberno, ou de persoal ao servizo da entidade, ao obxecto de informar no relativo o ámbito das súas actividades.

4.—Cando a Xunta de Goberno exerza competencias delegadas por outros órganos ou que lle foran asignadas polas leis, adoptará os seus acordos mediante votación formal, segundo as normas establecidas no presente Regulamento para as sesións plenarias.

TÍTULO III

DOS ÓRGANOS NON NECESARIOS OU COMPLEMENTARIOS

Capítulo I.—Das Comisións Informativas

Artigo 46.—Composición e funcións

1.—As Comisións Informativas, integradas exclusivamente por membros da Corporación, son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando haxan de adoptarse acordos declarados urxentes.

2.—Igualmente informarán aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno e da/o Presidenta/e, que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.

Artigo 47.—Tipos de Comisións Informativas

1.—As Comisións Informativas poden ser permanentes e especiais.

2.—Son Comisións Informativas permanentes as que se constitúen con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias que se someterán ao Pleno. O seu número e denominación iniciais, así como calquera variación das mesmas durante o mandato corporativo, decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta da/o Presidenta/e, procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das grandes áreas en que se estruturen os servizos corporativos.

3.—Son Comisións Informativas especiais as que o Pleno acorde constituír para un asunto concreto, en consideración ás súas características especiais de calquera tipo.

Estas Comisións extínguense automaticamente unha vez que ditaminen ou informen sobre o asunto que constitúe o seu obxecto, salvo que o acordo plenario que as creou dispuxese outra cousa.

Artigo 48.—Comisión Especial de Contas

1.—A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as demais Comisións Informativas.

2.—Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de todas as

contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.

Artigo 49.—Composición das Comisións Informativas

No acordo de creación das Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

- a) A/o Presidenta/e da Corporación é a/o Presidenta/e nato de todas elas; con todo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, que deberá formar parte da respectiva Comisión.
- b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.
- c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Voceiro/a do mesmo dirixido á/o Presidenta/e, do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un/ha suplente por cada titular.

Artigo 50.—Réxime de sesións

1.—As Comisións Informativas celebrarán sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno no momento de constituílas, nos días e horas que estableza a/o Presidenta/e da Corporación, ou a/o seu respectiva/o Presidenta/e, quen poderá así mesmo convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas.

A/o Presidenta/e da Comisión, estará obrigado a convocar sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, polo menos, dos membros da Comisión.

Na conformación da Orde do día, aplicarase o disposto neste Regulamento para a convocatoria dunha sesión do Pleno.

2.—As sesións poden celebrarse no Pazo da Deputación ou noutras dependencias da mesma.

3.—As convocatorias corresponden á/o Presidenta/e da Deputación ou á/o Presidenta/e da Comisión e deberán ser notificadas aos membros da Comisión ou, no seu caso, aos grupos municipais cunha antelación de dous días hábiles, salvo as urxentes. En todo caso, acompañarase a orde do día.

4.—Se o día da convocatoria coincidise en festivo, estarase ao disposto para as sesións plenarias.

Artigo 51.—Desenvolvemento das sesións

1.—A válida celebración das sesións require a presenza da maioría absoluta dos compoñentes da Comisión, xa sexan titulares ou suplentes, en primeira convocatoria e un mínimo de tres membros en segunda convocatoria unha hora máis tarde.

2.—A/o Presidenta/e dirixe e ordena, ao seu prudente arbitrio, respectando os principios xerais que rexen os debates plenarios, os debates da Comisión.

3.—A/o Presidenta/e de cada Comisión poderá requirir a presenza, nas súas sesións, de persoal ou doutros membros da Corporación a efectos informativos.

Ás sesións da Comisión de Facenda e Especial de Contas asistirá, en todo caso, o funcionario/a responsable da Intervención.

4.—En todo o non previsto neste Regulamento ou na normativa vixente, aplicarase o disposto no marco normativo aplicable ao Pleno.

Artigo 52.—Aprobación dos ditames das comisións

1.—Ningunha Comisión poderá deliberar sobre asuntos da competencia doutra, a menos que se trate de problemas comúns nese caso poderá convocarse pola/o Presidenta/e da Corporación, a proposta dos das respectivas Comisións, unha sesión conxunta.

2.—O ditame da Comisión poderá limitarse a mostrar a súa conformidade coa proposta que lle sexa sometida polos servizos administrativos competentes ou ben formular unha alternativa.

3.—Os ditames aprobaranse sempre por maioría simple dos presentes, decidindo os

3.—Os ditames aprobaranse sempre por maioría simple dos presentes, declinando os empates a/o Presidenta/e con voto de calidade.

4.—Os membros da Comisión desconformes co ditame aprobado por esta, poderán pedir que conste o seu voto en contra ou formular voto particular para a súa defensa ante o Pleno.

5.—De cada sesión das Comisións Informativas levantarase acta, á que se acompañarán os ditames que fosen aprobados e os votos particulares que fosen formulados a aqueles.

Artigo 53.—Carácter dos ditames

1.—Os ditames das Comisións Informativas teñen carácter preceptivo e non vinculante.

2.—En supostos de urxencia, o Pleno ou a Xunta de Goberno poderá adoptar acordos sobre asuntos non ditaminados pola correspondente Comisión Informativa, pero, nestes casos, do acordo adoptado deberá darse conta á Comisión Informativa na primeira sesión que se celebre. A proposta de calquera dos membros da Comisión Informativa, o asunto deberá ser incluído na orde do día do seguinte Pleno con obxecto de que este delibere sobre a urxencia acordada, en exercicio das súas atribucións de control e fiscalización.

Capítulo II.—Da Xunta de Voceiros/as

Artigo 54.—Constitución da Xunta de Voceiros/as

1.—A Xunta de Voceiros/as é un órgano complementario non necesario, constituído polas/os Deputadas/os provinciais que exerzan como voceiros/as de cada Grupo Provincial.

As/os Deputadas/os non adscritos, no caso de ser varios, designarán por unanimidade un representante na Xunta de Voceiros/as. En caso de non designar ningún, exercerá o posto a/o deputada/o de maior idade. No caso de ser un só, formará parte da Xunta de Voceiros/as e será citado ás reunións que se celebren.

As súas funcións son só consultivas, sobre os asuntos indicados neste Regulamento ou sobre calquera outro que o/a Presidenta/e queira someter á súa consideración.

2.—A Xunta de Voceiros/as será presidida pola/o Presidenta/e ou por membro corporativo en quen delegue. Asistirán á mesma a/o Secretaria/o e o/a Interventor/a.

TÍTULO IV

DO PERSOAL DIRECTIVO

Artigo 55.—Réxime do persoal directivo

1.—Ós efectos do presente regulamento, terá a consideración de persoal directivo:

- a) A/O Secretaria/o Xeral, a/o Interventor/a e a/o Tesoureira/o.
- b) As/os directoras/es xerais das grandes áreas en que se estruturen os servizos corporativos.
- c) Terán tamén a consideración de persoal directivo, co réxime establecido nos seus respectivos estatutos, as/os xerentes, vice-xerentes, directoras/es, conselleiras/os delegadas/os, ou calquera outro cargo de denominacións análogas que desempeñe os postos superiores dos organismos autónomos, consorcios, entidades mercantís públicas ou privadas ou demais entidades creadas pola Deputación Provincial de Pontevedra ou adscritas á mesma.

2.—Corresponde ao persoal directivo indicado nas letras b) e c) do apartado anterior o exercicio das seguintes funcións, con responsabilidade persoal, profesional e directa:

- a) A dirección e xestión dos servizos, unidades e departamentos que integren a súa área, baixo a superior dependencia da/o Presidenta/e ou Deputada/o Delegada/o.
- b) Formular propostas organizativas e de distribución de funcións dentro do seu ámbito funcional en aras á eficacia e eficiencia na prestación dos servizos.
- c) Controlar o cumprimento dos obxectivos establecidos na área e propor medidas para a súa consecución.
- d) Propor a adopción de actos administrativos e a contratación de bens ou servizos.

- e) Emitir informes relativos ás materias propias das súas funcións.
- f) Asesorar á Presidencia e á/ó Deputada/o Delegada/o da área ou responsable superior da entidade instrumental á que estea adscrito.
- g) Dar conta da súa xestión mediante un informe anual orientado á consecución de obxectivos.
- h) Calquera outra que se lle atribúa polos órganos competentes ou as correspondentes ao posto desempeñado susceptibles de delegación.

Artigo 56. Requisitos dos postos directivos

1.—O nomeamento do persoal directivo deberá efectuarse de acordo a criterios de competencia profesional e experiencia, entre funcionarios de carreira do Estado, das Comunidades Autónomas, das Entidades Locais ou con habilitación de carácter nacional que pertencen a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1.

De conformidade co disposto no art. 32.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, o seu titular poderá non reunir a condición de funcionario/a, en atención ás especiais características das funcións a realizar, en particular nas áreas de servizo nas que a totalidade ou a maioría dos postos de traballo estean configurados como de Administración especial. En todo caso, o nomeado deberá ter unha titulación universitaria de carácter superior, e unha experiencia acreditada de exercicio profesional de cinco anos nas Administracións públicas coa categoría correspondente á titulación requirida.

Cando o persoal directivo reúna a condición de persoal laboral estará sometido á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

2.—Os titulares dos órganos directivos quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e noutras normas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación.

3.—Quedan excluídos do disposto neste artigo os postos de Secretaria/o Xeral, Interventor/a e Tesoureira/o, que se rexerán pola normativa que resulte de aplicación a estes postos reservados a funcionarias/os con habilitación de carácter nacional.

Disposición Adicional Única

Normas especiais de desenvolvemento da sesión constitutiva

A sesión constitutiva da Corporación desenvolverase na forma prevista pola normativa xeral electoral, coas seguintes especialidades:

1.—Logo da toma de posesión polas/os Deputadas/os provinciais electos, dará comezo a sesión constitutiva, que estará presidida por unha Mesa de Idade composta polas/os Deputadas/os electas/os de maior e menor idade presentes no acto, actuando como Secretaria/o quen o sexa da Deputación.

Acto seguido, a Mesa de Idade declarará constituída a corporación se concorre o quórum establecido na normativa xeral electoral, previo pronunciamento expreso ó respecto da/o Secretaria/o da sesión, que deberá constar na acta da sesión. En caso contrario, a sesión constitutiva quedará convocada automaticamente dous días despois ás 12:00 horas.

2.—Constituída a Corporación, a Mesa de Idade consultará ós distintos partidos políticos con representación plenaria, por orde de maior a menor representación, o nome da/o Deputada/o que, no seu caso, propoñan como candidata/o á Presidencia da Deputación.

O nome da/o candidata/o poderá ser expresado por calquera das/os Deputadas/os do mesmo partido político, quen se limitará a indicar o nome e apelidos do candidato/a proposto/a.

3.—A continuación concederase a palabra a cada unha/un das/os candidatas/os propostas/os na orde en que se formulasen as candidaturas, que disporán dun tempo de 10 minutos para a defensa da súa candidatura e para expor as liñas fundamentais da acción de goberno que propoñen para a Deputación. A defensa das candidaturas non dará lugar a debate.

4.—Finalizada a exposición das/os candidatas/os, someteranse as candidaturas a votación na mesma orde en que fosen formuladas, ata que algunha acade a maioría esixida na lexislación xeral electoral.

A Mesa de Idade proclamará Presidenta/e á/ó candidata/o que obteña a maioría absoluta en primeira votación, ou maioría simple en segunda votación.

5.—A/o Presidenta/e relevará nese momento á Mesa de Idade na Presidencia da sesión plenaria, e formulará se así o estima oportuno o seu discurso de investidura, transcorrido o cal recibirá os símbolos da Presidencia (collar e bastón de mando).

Disposición Derrogatoria

Queda derogado o Regulamento orgánico provincial aprobado en sesión plenaria de 14 de decembro de 1990 (BOPPO nº 1, de 2 de xaneiro de 1991). Así mesmo quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ou contradigan o presente Regulamento.

Disposición Final. Entrada en vigor

Este Regulamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia e non entrará en vigor ata que transcorra o prazo previsto no art. 65,2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Pontevedra, 14 de outubro de 2016.—O Secretario.

NOTA INFORMATIVA: O contido da versión HTML deste anuncio ten carácter meramente informativo e está dispoñible nesta páxina para comodidade do cidadán. O anuncio con validez legal é a versión PDF asinada electronicamente.

